



DIRECCIÓN XERAL DE ORDENACIÓN E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Aclaracións da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa relativas á organización do final de curso 2022-2023 para as etapas de ESO e de bacharelato

A Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia regula, no seu capítulo IV, aspectos relativos ao final de curso.

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia actualiza, con carácter temporal e mentres non se publican as ordes de desenvolvemento do currículo para cada unha das etapas educativas, a normativa de avaliación en relación á Lei orgánica 3/2022, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia modificou, dun lado, os números 2 e 3 do artigo 10 e o número 1 do artigo 12 da Orde do 20 de maio de 2022 e, doutro lado, o número 8 do artigo 7 da Orde do 25 de xaneiro de 2022.

Tendo en conta a existencia deste período transitorio e os cambios derivados da publicación da Orde de 27 de decembro de 2022, co obxecto de clarificar a organización do final do curso 2022/23, unificar as actuacións a desenvolver e dar resposta ás cuestións formuladas polos centros, realízanse as seguintes aclaracións:

Calendario das actividades lectivas

As actividades lectivas nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato realizaranse desde o día 8 de setembro de 2022 ata o 21 de xuño de 2023. Polo tanto, o alumnado debe asistir a clase ata o día 21 de xuño inclusive (coa excepción de alumnado de segundo de bacharelato cuxo calendario final de curso debe adaptarse ás probas da ABAU).

Sesións das avaliacións finais

Tendo en conta as particularidades de cada etapa educativa e mesmo de cada curso no caso de bacharelato, establécese un calendario xeral para a realización das avaliacións finais a partir do que cada centro, facendo uso da súa autonomía, establecerá as datas concretas das sesións finais de avaliación.

En todo caso, cómpre ter en conta que os centros educativos deben garantir en todo momento a atención ao alumnado ata o día 21 de xuño inclusive.

Educación secundaria obrigatoria

A normativa establece que o alumnado de educación secundaria obrigatoria ten dereito a tres sesións de avaliación parciais e a unha avaliación final.



Tal e como indica a Orde do 27 de decembro de 2022, a sesión de avaliación final do alumnado da educación secundaria obrigatoria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023 e deberá coincidir coa sesión da terceira avaliación parcial.

Polo tanto, terase en conta que:

- A sesión da terceira avaliación parcial de cada grupo e a súa sesión da avaliación final realízanse a partir do día 22 de xuño.
- A sesión da terceira avaliación parcial de cada grupo coincidirá no tempo coa sesión de avaliación final do mesmo.
- Os centros deben garantir que os departamentos didácticos organicen ao longo do curso, no seu caso, as distintas actividades de recuperación para o alumnado que non superara algunha parte dunha materia ou ámbito e, en todo caso, sempre antes da data establecida no centro para a terceira avaliación parcial e a sesión de avaliación final.
- O alumnado ten a obriga de asistir ás clases ata o 21 de xuño inclusive e o profesorado debe cumprir as súas funcións e o seu horario e darlle a debida atención educativa.

Bacharelato

A normativa establece que o alumnado de bacharelato ten dereito a tres sesións de avaliación parcial, a unha avaliación final ordinaria e a unha avaliación final extraordinaria.

Primeiro curso de bacharelato

No caso do primeiro curso de bacharelato, tal e como indica a Orde do 20 de maio do 2022, os centros deberán realizar a sesión de avaliación final ordinaria a partir do día 5 de xuño.

Para a concreción da data, terase en conta que:

- O alumnado ten a obriga de asistir ás clases ata o 21 de xuño inclusive.
- A terceira sesión parcial poderá coincidir coa data elixida para a avaliación final ordinaria.
- O alumnado ten dereito a solicitar a revisión e a reclamación das cualificacións finais, polo que debe terse en conta que existen uns prazos concretos para resolver as solicitudes por parte do centro e, no seu caso, por parte da xefatura territorial.
- As probas finais da convocatoria extraordinaria deben realizarse entre o 19 e o 21 de xuño de 2023 (artigo 11.2 da Orde de 20 de maio de 2022).
- As direccións dos centros poderán modificar o horario do profesorado a partir da sesión de avaliación final ordinaria para asignarlle tarefas da súa responsabilidade, dando prioridade á realización de actividades de apoio, reforzo e de recuperación para o alumnado con materias con partes sen superar e de preparación das probas extraordinarias.

A sesión de avaliación final extraordinaria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.

Segundo curso de bacharelato

No caso do segundo curso de bacharelato, tal e como indica a Orde do 20 de maio, as datas das sesións de avaliación final ordinaria adecuaranse ás datas previstas para a convocatoria ordinaria da ABAU (que se prevé para os días 6, 7 e 8 de xuño de 2023).

Para a concreción da data, terase en conta que:

- A terceira sesión parcial poderá coincidir coa data elixida para a avaliación final ordinaria.
- O alumnado ten dereito a solicitar a revisión e a reclamación das cualificacións finais, polo que debe terse en conta que existen uns prazos concretos para resolver as solicitudes por parte do centro e, no seu caso, por parte da xefatura territorial.



- As probas finais da convocatoria extraordinaria deben realizarse entre o 19 e o 21 de xuño de 2023 (artigo 11.2 da Orde de 20 de maio de 2022).
- As direccións dos centros poderán modificar o horario do profesorado a partir da sesión de avaliación final ordinaria para asignarlle tarefas da súa responsabilidade, dando prioridade realización de actividades de apoio, reforzo e recuperación para o alumnado con materias con partes sen superar e á preparación das probas extraordinarias e da ABAU.

A sesión de avaliación final extraordinaria deberá realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023.

Revisión das programacións didácticas das distintas materias ou ámbitos de ESO

Os departamentos didácticos adaptarán as programacións didácticas da etapa de ESO aos cambios derivados da publicación da Orde do 27 de decembro de 2022.

O prazo para efectuar o dito axuste rematará o día 15 de marzo de 2023, data límite para realizar a entrega das programacións modificadas á Inspección Educativa.

As modificacións das programacións dos cursos impares, 1º e 3º, realizaranse na aplicación informática Proens e as modificacións das programacións dos cursos pares, 2º e 4º, realizaranse en documento de texto.

Respecto das programacións didácticas do 1º e do 3º curso da ESO elaboradas na aplicación Proens, teranse en conta as seguintes consideracións:

- As programacións pechadas serán postas en revisión de xeito automático na semana do 16 ao 20 de xaneiro de 2023 para que se poidan realizar os axustes de acordo aos cambios da nova normativa. Unha vez feito isto, o profesorado pechará de novo as programacións, realizando deste xeito a súa entrega.
- As programacións modificadas pechadas pasarán ao estado de supervisión de xefatura de departamento, seguindo pola supervisión do equipo directivo e, finalmente, a supervisión de inspección educativa.
- O 15 de marzo de 2023 todas as programacións modificadas deberán estar non estado "Entregada a inspección educativa", é dicir, que deben ter sido pechadas, supervisadas pola xefatura de departamento e supervisadas polo equipo directivo.

Respecto das programacións didácticas do 2º e do 4º curso da ESO elaboradas en documento de texto, o centro educativo deberá enviar as programacións modificadas á Inspección Educativa, con data límite o 15 de marzo, a través do mesmo sistema empregado na entrega das programacións didácticas á súa inspectora educativa ou ao seu inspector educativo.